

COMPOSICION DE EQUIPOS

ARTIGO 37

COMPOSICIÓN EQUIPOS EN COMPETICIÓN TERRITORIAIS

A) EQUIPOS SENIORS MASCULINOS

Nas competicións seniors masculinas de carácter territorial, poderán participar xogadores de sexo masculino, en idade senior, que teñan licenza debidamente dilixenciada, e igualmente catro (4) xogadores xuvenís por equipo, pertencente ao mesmo club e/ou filial, que teñan licenza dilixenciada, en consonancia coa regulamentación establecida respecto diso nos parágrafos seguintes:

COTA PRINCIPAL (*Refírese ás licenzas dun Equipo Senior*)

O número mínimo de licenzas que, obrigatoriamente, debe ter dilixenciadas un equipo antes do comezo do seu Campionato será de doce (12) e o máximo poderá ser de dezaioito (18), tendo en conta que alomenos tres (3) deberán ser obrigatoriamente xogadores nacionais seleccionables para os Equipos Nacionais Españois nados en 1995, 1996, 1997, 1998 e 1999.

En consecuencia establécese o seguinte cadro de posibilidades:

15 xogadores nados ata 1994	+	3 Xogadores nados en 1995, 1996, 1997, 1998 e 1999
14 xogadores nados ata 1994	+	4 Xogadores nados en 1995, 1996, 1997, 1998 e 1999
13 xogadores nados ata 1994	+	5 Xogadores nados en 1995, 1996, 1997, 1998 e 1999
12 xogadores nados ata 1994	+	6 Xogadores nados en 1995, 1996, 1997, 1998 e 1999
11 xogadores nados ata 1994	+	7 Xogadores nados en 1995, 1996, 1997, 1998 e 1999
10 xogadores nados ata 1994	+	8 Xogadores nados en 1995, 1996, 1997, 1998 e 1999
9 xogadores nados ata 1994	+	9 Xogadores nados en 1995, 1996, 1997, 1998 e 1999
8 xogadores nados ata 1994	+	10 Xogadores nados en 1995, 1996, 1997, 1998 e 1999
7 xogadores nados ata 1994	+	11 Xogadores nados en 1995, 1996, 1997, 1998 e 1999
6 xogadores nados ata 1994	+	12 Xogadores nados en 1995, 1996, 1997, 1998 e 1999
5 xogadores nados ata 1994	+	13 Xogadores nados en 1995, 1996, 1997, 1998 e 1999
4 xogadores nados ata 1994	+	14 Xogadores nados en 1995, 1996, 1997, 1998 e 1999
3 xogadores nados ata 1994	+	15 Xogadores nados en 1995, 1996, 1997, 1998 e 1999
2 xogadores nados ata 1994	+	16 Xogadores nados en 1995, 1996, 1997, 1998 e 1999
1 xogador nado ata 1994	+	17 Xogadores nados en 1995, 1996, 1997, 1998 e 1999
0 xogadores nados ata 1994	+	18 Xogadores nados en 1995, 1996, 1997, 1998 e 1999

COTA ADICIONAL (*Refírese aos xogadores de categoría inferior do mesmo Club que poden ser aliñados cun Equipo Senior de categoría superior*)

Ademais, os equipos poderán contar cun total de oito (8) xogadores nacionais senior nados en 1995, 1996, 1997, 1998 e 1999, nominativos (sempre os mesmos), procedentes dos equipos do mesmo club de categoría inferior señor e/ou filiais, podendo ser aliñados un número ilimitado de encontros.

Dous (2) destes oito (8) xogadores seniors poderán ser xogadores nacionais seniors nados ata 1994, procedentes de equipos seniors de categoría inferior do mesmo club e /ou filial. Estes xogadores terán carácter nominativo (sempre os mesmos), non perdendo a súa categoría de procedencia e poderán participar nos dous equipos na mesma xornada e data. Estes xogadores senior poden xogar un máximo de dez encontros na categoría superior. Antes de ser aliñados na undécima xornada na categoría superior, perderán a súa categoría inferior, debéndose dilixenciar unha nova licenza correspondente a categoría

superior, previa baixa federativa da licenza da categoría inferior. Estas dúas licencias de xogadores seniors nacionais nacidos ata 1994 procedentes do cupo adicional que se tramiten no cupo principal de licenzas despois de ser aliñados os dez encontros permitidos como máximo ou menos, sempre e cando se solicite, non contabilizarán dentro do cupo principal de licencias establecido para a categoría.

Igualmente, catro (4) destes oito (8) xogadores nacionais senior nacidos en 1995, 1996, 1997, 1998 e 1999, nominativos (sempre os mesmos), procedentes dos equipos do mesmo club de categoría inferior senior e/ou filial, poderán ser xogadores nacionais xuvenís, pertencentes a un equipo xuvenil do mesmo club e/ou filiais. Para que estes xogadores xuvenís poidan ser aliñados, deberán ser autorizados previamente pola Federación Galega de Balonmán, mediante a presentación da autorización dos pais ou titores para xogar nunha categoría superior a que pola idade lles corresponde.

Os xogadores do “Cota Adicional” ou “Extra” só poderán ser aliñados nun **máximo de dous (2) encontros** por xornada deportiva, sen importar o día da súa celebración. En todos os casos, os xogadores do “Cota Adicional” ou “Cota Extra” deberán ser nacionais e nominativos, sempre os mesmos.

Os xogadores da “Cota Adicional” ou “Cota Extra”, non serán substituídos en ningún caso. Os xogadores xuvenís que participen co equipo senior do seu club, non perderán a súa condición de xuvenil, podendo xogar co equipo xuvenil sempre que o club o determine na mesma xornada e data na súa categoría xuvenil e nunha categoría superior sénior.

Tendo en conta este apartado, o “cupo adicional” de xogadores que poden participar nos equipos seniors masculinos procedentes dos equipos de categoría inferior do mesmo club e/ou filial, será tal e como a continuación se esquematiza:

	XOGADORES SÉNIOR NACIDOS		XOGADORES XUVENÍS (2000, 2001)
	ATA 1.994	1.995, 1996, 1.997 1998 e 1999	
NUMERO MÁXIMO DE XOGADORES	0	8	0
	2	6	0
	2	4	2
	2	2	4
	0	4	4

Conforme ao aprobado pola Asemblea Xeral da FGBM. do día 9 de xullo de 2016, autorízase a xogadores en idade xuvenil, para poder xogar en categoría senior, aínda que o seu Club non teña equipo xuvenil participando nas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Balonmán.

Neste caso o número máximo de licencias de xogadores en idade xuvenil que un equipo de categoría senior pode tramitar se establece en catro (4). Ditos xogadores cubrirán praza da cota máxima de 18 licenzas por equipo (cota principal).

Para que a Federación Galega de Balonmán poda tramitar a súa licenza deberán presentar a correspondente Autorización Paterna e para ser alienados nun encontro de competición oficial estar en posesión da correspondente “Autorización Federativa” que lles permita xogar en categoría superior á que pola súa idade lle corresponde. Dita autorización será exclusiva para as competicións organizadas pola Federación Galega de Balonmán